

## ORDENANZA FISCAL NUMERO T17

### Taxa pola recollida de lixo.

#### **Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.**

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1 B) amolos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos, que se rexirá pola presente Ordenanza.

#### **Artigo 2º. Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliar e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. Asemesmo se inclúe a recepción de produtos metálicos (neveiras, lavadoras, etc..) e madeira (mubles, colchóns, etc..) así como outros materiais dentro da recollida selectiva de domicilios particulares se exclúen os procedentes de establecementos comerciais.
2. A tal efecto, considerarase lixo domiciliar e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou a recollida ou verquido do cal esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.
3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:
  - a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos, procedentes de industrias, hospitais e laboratorios.
  - b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
  - c) Recollida de entullos de obras.

#### **Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.**

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.
2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.
3. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
  - a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
  - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.**

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do

establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

#### **Artigo 5º. Cota tributaria.**

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha cantidade fixa, por unidade de local, en razón á súa natureza e destino, das seguintes:
  - a) Taxa mensual por recollida de lixo de vivendas na zona rural..... 3,96 Euros.
  - b) Idem. id. de vivendas particulares ..... 7,76 Euros.
  - c) Idem. id. de áreas comerciais ..... 400,87 Euros.
  - d) Idem. id. de supermercados ..... 32,91 Euros.
  - e) Idem. id. de entidades bancarias e financeiras..... 23,99 Euros.
  - f) Idem. id. de ultramarinos, froiterías e establecementos de alimentación análogos.... 26,86 Euros.
  - g) Idem. id. de tecidos, paqueterías e establecementos análogos ..... 28,07 Euros.
  - h) Idem. id. de pub e discotecas..... 54,84 Euros.
  - i) Idem. Id de cafés, bares, cafeterías..... 28,07 Euros.
  - j) Idem. Id de restaurantes, mesones e establecementos análogos..... 34,37 Euros.
  - k) Idem. Id de Resto de comercios, oficinas, despachos profesionais ..... 22,53 Euros.
  - l) Idem. Id. de Comercios de máis dunha pranta..... 35,19 Euros.
  - ll) Idem. Id. de Outros establecementos non tarifados expresamente ( de ata 60 m<sup>2</sup>)..... 22,53 Euros.
  - m) Idem. Id. de Outros establecementos non tarifados expresamente ( máis de 60 m<sup>2</sup>)..... 28,13 Euros.
2. A cota tributaria pola recollida de produtos metálicos e de madeira e outros materias dentro da recollida selectiva nos domicilios particulares de 3,47 euros por recollida.
3. As anteriores cantidades son irreductibles polo período para o que están establecidas.
4. Se establece una fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda

#### **Artigo 6º. Dereito á percepción e período impositivo.**

1. Terase dereito a percibir a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza obrigatoria da súa recepción, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares donde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.
2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas percíbiranse o primeiro día de cada bimestre natural, agás que a percepción da taxa se producira con posterioridade a dita data, caso no que a primeira cota se percibirá o primeiro día do seguinte bimestre.

#### **Artigo 7º. Normas de xestión.**

1. Tódalas persoas obrigadas ó pagamento deste tributo, deberán presentar no prazo de 30 días na Administración Municipal, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante escrito dirixido ó Sr. Presidente da Corporación. Transcurrido dito prazo sen se presentar a declaración, a Administración sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo.
2. A débeda tributaria derivada do tributo liquidarase e recadarase por padrón, nos mesmos períodos e prazos que a taxa por suministro domiciliario de auga, nun único recibo xunto con ésta e a da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

3. A inclusión no Padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da obriga tributaria formal de alta ou da actividade inspectora municipal.

**Artigo 8º. Obrigas tributarias formais.**

Constitúese como obriga tributaria formal dos suxeitos pasivos da taxa, tanto contribuíntes como substitutos, a presentación no Rexistro Xeral do Concello das solicitudes de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

**Artigo 9º. Infraccións e defraudacións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuízo das que conforme a lexislación urbanística se poidan esixir.

**Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicado no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: o artigo 5 da presente ordenanza foi modificado por acordo plenario de 15 de novembro de 2010 e publicado no BOP 24 de 31 de xaneiro de 2011.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011.